

Axudas urxentes de tipo social (AUXS) para evitar os cortes de subministración eléctrica e de gas ás persoas economicamente máis vulnerables no ano 2017 cuxos ingresos da unidade de convivencia non superen o IPREM (6.390,13 €/ano), teñan facturas pendentes de pago logo da data límite de pago destas e teñan ou non o subministro interrompido

A **Consellería de Economía, Emprego e Industria** convoca axudas urxentes de tipo social para evitar os cortes de subministración eléctrica e de gas ás persoas economicamente máis vulnerables (AUXS), en réxime de concorrencia non competitiva.

Finalidade

Conceder axudas urxentes de tipo social para o pagamento da factura eléctrica e de gas ás persoas economicamente máis vulnerable cuxos ingresos totais da unidade de convivencia non superen o IPREM ((6390,13 €/ano), e deste xeito, asegurar a este colectivo o acceso continuado á subministración de enerxía eléctrica e de gas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Requisitos e contía da axuda

- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que os ingresos totais da unidade de convivencia non superen o IPREM (6390,13 €/ano)
- Ser o o titular do contrato de subministración eléctrica.
- Ter unha factura de electricidade ou gas natural pendente de pagamento e que xa rematase a data límite de pagamento especificada na factura.
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións.
- Deberá facerse unha solicitude por cada factura, cun límite máximo de 2 facturas/ano por solicitante e importe máximo de 200 €/ano por solicitante e, correspondentes á vivenda habitual deste.

Documentación

- Os orixinais dos DNI da unidade de convivencia, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- O volante de empadramento colectivo
- As declaracións da renda do ano 2015 de todos os convivintes ou certificados de imputación de rendas do dito ano, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- Factura de enerxía eléctrica ou de gas natural non aboada, emitida pola empresa comercializadora

Prazo e lugar de solicitude

Ata o día 15 de decembro de 2017 ou, antes de finalizar o dito prazo ao esgotarse o crédito establecido na convocatoria; a solicitude achegarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (código do procedemento IN414D) desde a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, ou, <http://axudascortes-subministracion.xunta.gal>; será necesario o DNI electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia; ou, se non dispón destes documentos, nos servizos sociais de atención primaria do Concello de Malpica; deberá pedir cita previa chamando ao telef.: 981-72 02 80.